# APOSTOLO

CONCELLO DE SANTIAGO

2017



# A FESTA POPULAR
## *Os xogos e a carreira do cendal*

Durante a maior parte da súa historia, no programa das Festas do Apóstolo había poucos actos de carácter laico, pois a festividade xiraba maiormente arredor das funcións eclesiásticas, das procesións e dos actos sociais de recepción a visitantes e convidados distinguidos. A festa popular foise desenvolvendo en torno á gran feira anual, a partir das compañías artísticas e dos comerciantes ambulantes e feirantes que neses días acudían á cidade atraídos polo movemento da feira, pola chegada de autoridades e de milleiros de romeiros.

Esa diversión espontánea complementaba as corridas de touros, xogos de *caña y sortija* e a carreira do cendal, que son os elementos laicos que conformaban a oferta oficial das Festas do Apóstolo ata o século XVIII. Será no século XIX cando toda a festividade se reinvente para chegar a nós cun perfil renovado e diversificado, ese que aínda hoxe gozamos cada ano.

O xogos de *caña y sortija* foron unha diversión artellada polos cabaleiros da cidade: agrupados en equipos e ataviados con galas guerreiras simulaban escaramuzas ou amosaban a súa mestría no manexo da lanza. Estes xogos, que tiñan lugar nas proximidades do Campo de Santa Susana, foron instaurados no séculos XVI polo conde de Altamira e constituían un grande espectáculo.

Outro tanto sucedía cos touros, que en Santiago se vinculaban coas lendas da translación do corpo do Apóstolo, concretamente cos touros bravos que a raíña Lupa lles deu aos discípulos e que acabaron amansándose e parando a beber no que hoxe é a cidade. É a forza da fe a que venceu a natureza e paganismo. As corridas de touros celebráronse en distintos lugares, sendo o máis común ata o século XVIII a praza do Obradoiro, onde se armaba un *coso* provisional; logo estivo tamén en Santa Susana, Santa Isabel, no que agora é a praza Rodrigo de Padrón.

A carreira do cendal foi o evento máis específico e o que deixou maior pegada, por canto aínda hoxe en día unha zona da cidade (no barrio de San Caetano-Guadalupe) leva o seu nome. Era organizada polo concello, que se encargaba de supervisar a proba, e achegaba o cendal, un pano de tea de seda finísima que se entregaba como trofeo ao gañador; mentres, pola súa banda, o deán doaba o premio en metálico (500 marabedís).

Desde tempos medievais, cada 25 de xullo unha comitiva cívica composta polos rexedores, acompañados dunha garda solemne, saía das casas do Concello camiño dos agros do Cendal. Alí agardaba un enorme xentío e unha morea de xinetes vidos de todo o señorío coas súas monturas a *correr el çendal*.

O procurador xeral da cidade marcaba a meta deseñando con pedras unha liña tan longa coma o propio camiño real, segundo din os documentos. Non coñecemos o detalle do circuíto, malia que cabe pensar que se desenvolvería nas proximidades, nos arredores do que agora é a Ponte Mantible, a rúa dos Irmandiños ou parque de Pablo Iglesias.

## Por *de*historia

Tratábase dunha proba de habilidade e velocidade, que gañaba o xinete que fose o primeiro en chegar, apearse, coller unha das pedras e volver montar gritando "viva el-rei".

Naquel mesmo momento recibía de mans da Corporación o cendal, xeralmente unha boa peza de tafetá ou outro tecido de seda fina. Os representantes municipais cubríanlle a cabeza co pano e acompañábano nunha vistosa comitiva ata a cidade, onde era recoñecido como vencedor dese ano.

Nalgún momento que non pode precisarse, entre finais do século XVII e principios do XVIII, desapareceron tanto os xogos de canas como a carreira do cendal, quedando esquecidas estas dúas tradicións que na actualidade podemos albiscar en carreiras e xogos de época aínda presentes nalgunhas cidades europeas.

As actividades deportivas practicadas nas Festas do Apóstolo desde finais do século XIX recollen en certo modo o testemuño daquelas competicións, carreiras hípicas arredor do campo de Santa Susana, campionatos ciclistas ou torneos de fútbol doutro tempo, que deixaron paso a outras propostas. Permanece o torneo de chave, que hai medio século que se celebra na Alameda. Esta proposta, xa clásica nas Festas do Apóstolo, fainos lembrar un tempo no que este tipo de xogos tradicionais atopaban o seu acomodo no ocio festivo e eran, xunto coa música, o contrapunto popular e laico ás festas solemnes e relixiosas en honra ao *Señor Santiago*.

## PARA MOVERSE POLA FESTA

INICIATIVAS E PROGRAMAS

Este proxecto foi escollido pola veciñanza

**Compostela Decide**

Orzamentos participativos

**Terra da fraternidade**
Festival que que reivindica Compostela como terra de acollida de persoas e culturas de todos os continentes, a través da linguaxe universal que é a música.

**Artellando**
BARRIOS RECUNCHOS NOITES
Coa vontade de que as festas cheguen a todos os lugares de Compostela e a todos os públicos, achégase este programa de actividades polos barrios e recunchos, polo día e pola noite.

**Compostela é! Música**
Proxectos musicais *made in Santiago*, reunidos nesta iniciativa impulsada pola sección local da asociación Músicos ao Vivo co apoio do Concello.

**Territorio das Mulleres**
Inciativas que se engloban nun proxecto para facer máis accesible, máis inclusiva e máis igualitaria a nosa cidade.

**Outras iniciativas dentro do programa**
Concertos organizados pola asociación Cidade Vella e Desconcierto Cultural:

**Monicreques en ruta**
Promovidos por Turismo de Santiago, co apoio de:

**Outros colaboradores**
Indicados coa súa marca na actividade correspondente










## 14 VENRES

Pregón desde os balcóns do Pazo de Raxoi a cargo de **Uxía Senlle**

22.30 H | PRAZA DO OBRADOIRO

CONCERTO

**Xan Campos ESD** (jazz-rock)

20.30 H | PRAZA DE FEIXOO

CONCERTO

**Raigaña+Mercedes Peón** (Galicia)

**Warsaw Village Band** (Polonia)

23.00 H | PRAZA DA QUINTANA

## 15 SÁBADO

SESIÓN VERMÚ

**Andrea and the Black Cat** (blues/funk/soul)

13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

CONCERTO

**Gruvzilla** (funk/jazz) + **DJs**

Ata as 22.00 h, polbeiro

A PARTIR DAS 14.00 H | TRAS SAN FIZ DE SOLOVIO

CONCERTO

**Habelas Hainas** (Galicia)

**Selma Uamusse** (Mozambique)

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

## 16 DOMINGO




CONCERTO

**Banda Municipal de Música**

Casiano mouriño Maquieira, director

13.00 H | ALAMEDA DE LAVACOLLA

SESIÓN VERMÚ

**Sabela King & The Heartbreakers**

(blues/funk/soul)

13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

CONCERTO

**Adrián Costa & The Criers** (Galicia)

**Pat Thomas & Kwashibu Area Band** (Ghana)

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

## 17 LUNS




ARTELLANDO NOS BARRIOS

'Momento de asombro', **Martín Camiña**

19.00 H | CSC VILLESTRO

'A galiña azul', **Fran Rei**

19.00 H | PRAZA DO MATADOIRO

CONCERTO

**Monkillos**

20.30 H | PRAZA DE FEIXOO

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS

'Spazi...o', **Dikhotomia** (circo contemporâneo)

21.00 H | PRAZA DO OBRADOIRO

CONCERTO

**The Lákazans** (Galicia)

**Girma Beyene & Akale Webé** (Etiopía/Francia)

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA




## 18 MARTES

ARTELLANDO NOS BARRIOS

‘Estamos no verán’, **Xoán Curiel**

19.00 H | CSC VITE

‘Cocorocó’, **Raquel Queizás**

19.00 H | BARRIO DAS FONTIÑAS, ÁREA CENTRAL

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS

**Roberto Oliveria**

(percusión, electrónica e arte visual sincronizado)

21.00 H | PRAZA DE SAN FIZ DE SOLOVIO

CINEMA AO AIRE LIBRE

El club de los poetas muertos, Peter Weir

22.00 H | PARQUE DE BONAVAL (ZONA CEMITERIO)

CONCERTO

**Bixiga 70** (Brasil)

**García Mc** (Galicia)

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

***Circompostela 2017***

Gala do circo compostelán

Presentadores: **Pablo Reboleiro** e **Aitor Garuz**

Artistas convidados:

**SincroNacidas** (clown)

**Vueltos de Rosca** (man a man)

Número de aéreos. **Yesi Balbás** (Torrelavega)

**Trasno**

Número de Break In Clan ou outro expolsivo de circo

Número de mimo ou malabares

...e mais sorpresas

22.30 H | PARQUE DE BELVÍS


GRUPO CHÉVERE

## 19 MÉRCORES

CONCERTO
**Do fondo do peto** (Música Tradicional)
18.00 H | VIA SACRA

MES DA CULTURA URBANA
Oradoiros de DJ e Parkour
18.00-20.00 H | PRAZA ROXA

ARTELLANDO NOS BARRIOS
'O vendedor de fume', **Teatro dos Ghazafelhos**
19.00 H | PRAZA ROXA

'Lila Star', **Pista Catro Produtora de Soños**
19.00 H | LSC LAVACOLLA

'Baobab' (Sesión de contos)
19.00 H | CSC A TRISCA


CELINA DA PIEDADE

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS
'Projecto Branta' (Música-perfomance)
**Vania Couto** (Portugal)
21.00 H | ARCOS DE BONAVAL

TERRAZEANDO, CICLO DE CONCERTOS AO FRESCO
**Como vivir en el campo**
21.00 H | TERRAZA DO HOTEL COSTA VELLA

CHÉVERE 3.0
'Ultranoite no país dos ananos'
**Grupo Chévere**
23.00 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

ARTELLANDO NA NOITE
**Celina da Piedade**
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

# 20 XOVES

## *Romaria Cativa*

12.00 h: Apertura Romaria Cativa
Espazo de xogo libre, **Xogos Xandobela**
Mural plástico, **Babaluva**
12.30 h: 'Contos para coidar a terra', **Anxo Moure**
'O gaiteiro bucólico', **Simon Pinhón**
'Véu por aqui marchou por Alá', **Percubebés**
13.30 h: Concerto 'Fantasia coas palabras',
**Mari Faltri** e **Jorge Juncal**
17.30 h: 'Contos para coidar a terra', **Anxo Moure**
'O gaiteiro bucólico', **Simon Pinhón**
'Véu por aqui marchou por Alá', **Percubebés**
18.30 h: Concerto 'Té, chocolate, café', de **Golfiños**
19.30 h: Concerto **Sons Miúdos**
TODO O DÍA | PARQUE EUGENIO GRANEL (RESTOLLAL)




## *Baile Assalto*

Obradoiros de iniciación ao baile con música ao vivo

12.30 h.: Bailes mandados, con **Mercedes Prieto** e **Sergio Cobos**
19.00 h: Baile galego, con **Seráns de Compostela**
21.00 h: Obradoiro exprés de **Os Cempés**
22.00 h: Concerto "Baile 100%", **Os Cempés**
DESDE AS 12.30 H | PRAZA DO TOURAL

CONCERTO

## *'Grandes zarzuelas'*
## Banda Municipal de Música

Casiano Mouriño Maquieira, director
20.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS

CONCERTO

## Tiberevi (música tradicional)

18.00 H | VÍA SACRA

cidade vella asociación cultural compostela

CONCERTO

## Dos balazos sonaron (Pardo & King) (boleros)

20.30 H | PRAZA DE FEIXOO

cidade vella asociación cultural compostela

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS

## Cinta adhesiva (poesia, música e performance)

21.00 H | PRAZA DE SALVADOR PARGA

CONCERTO

## Real Filharmonía de Galicia con Uxía

21.00 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

CONSORCIO DE SANTIAGO

BERIO MOLINA



XOGOS PAPURRUBIO



## 21 VENRES

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS

Emisións sonoras dende os parques

**Berio Molina/Bucorde** (Performance sonora)

12.00-21.00 H, CADA 30 MINUTOS | PARQUE DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL E ALAMEDA

ARTELLANDO NOS BARRIOS

**Xogos Papurrubio** (Xogos tradicionais)

19.00 H | CSC DO CASTIÑEIRIÑO

'Cerebro, artes, acción', **Torre de Babel** (Artes escéncias)

19.00 H | CSC SANTA MARTA

ÓPERA Á FRESCA

Il Trovatore De Verdi

**Orquestra Sinfónica e Coro do Gran Teatre del Liceu**

(Proxección simultánea en varias cidades e en TVE)

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

"la Caixa"

Gran Teatre del Liceu

ARTELLANDO NA NOITE

Cosmotrópicos

23.00 H | PRAZA DO TOURAL


MILLADOIRO

# 22 SÁBADO

## *VI Certame Folc*

10.00 h: Feira de Artesanía e Deseño
11.00 a 15.00 h: Obradoiros e actividades participativas para nenos e nenas.
Actuación do **Trio Refugallo** e **Peter Punk**
18.00 h: 'Hakuna Matata', **Troula Animación**
19.00 h: Obradoiro de baile tradicional irlandês con **Dominic Graham School of Irish Dance**
20.30 h: **Ghaveta** e **Lagharteiras**
21.45 h: **Dominic Graham School of Irish Dance**
22.45 h: **Milladoiro** en concerto
A PARTIR DAS 10.00 H | PRAZA DA QUINTANA

La Voz de Galicia

---

COMPOSTELA DUB
II Encontro das Culturas Xamaicana, Galega e Africana
12.00-22.00 H | PARQUE DE BELVIS

---

SESIÓN VERMÚ
**Noe Black & The Bang Ban** (rock)
13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

---

CONCERTO
**Filo** (jazz) + **DJs**
Ata as 22.00 h, polbeiro
14.00 H | TRÁS SAN FIZ DE SOLOVIO

cidade vella asociación cultural compostela

---

ARTELLANDO NOS BARRIOS
'Estrafalaria', **Xarope tulú**
19.00 H | CSC DE ARÍNS

---

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS
'O asombro', **Fantoches Baj** (Artes escénicas)
21.00 H | XARDÍN BOTÁNICO DE FONSECA

---

TERRITORIO DAS MULLERES
**De Vacas + María Gadú**
21.00 H | PRAZA 8 DE MARZO


LA SHICA

ORQUESTRA NA ALAMEDA
**Marimba**
22.30 H | ALAMEDA

ARTELLANDO NA NOITE
**Questioni Meridionali Folk**
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

## 23 DOMINGO

FESTA DO ESCALO EN CHAIÁN
Romaria XLIII Concurso de ciprínidos

**Banda de Música da Sociedade Recreativa San Xoán de Calo**
Moncho López Couso, director
12.30 H | PRAZA DAS PRATERÍAS

SESIÓN VERMÚ
**Presumido**
13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS
'Cerebro, artes, acción,' **Torre de Babel** (Artes escéncias)
21.00 H | PARQUE DE BONAVAL (DETRÁS DO CGAC)

XORNADA DE FOLCLORE
**Brincadeira + Cantigas e Agarimos + Colexiata do Sar + Ultreia**
21.30 H | PRAZA DA QUINTANA

CENTRO COMERCIAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
AS CANCELAS

ARTELLANDO NA NOITE
**La Shica**
23.00 H | PRAZA DO TOURAL



ESPECTÁCULO E FOGOS DO APÓSTOLO



THE GIFT

# 24 LUNS

## Encontro de Xigantes e Cabezudos

12.00 H | PRAZA DA QUINTANA
12.30 H | PRAZA DO TOURAL

CONCERTO

## The Chevelles
## The Gift

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

## *Espectáculo Nocturno e Fogos do Apóstolo*

Acciona Producciones y Diseño/Pirotecnia Ricasa
23.30 H | PRAZA DO OBRADOIRO

CONSORCIO DE SANTIAGO

ORQUESTRA NA ALAMEDA

## Suavecito

24.00 H | ALAMEDA

CONCERTO

## Dayna Kurtz & Rober Machi

presentando o disco ‘Rise & fall’
00.00 H | PRAZA DO TOURAL




## 25 MARTES

ACTOS DO APÓSTOLO

Procesión e Ofrenda ao Apóstolo

10.00 H | CATEDRAL

***Romaría dos libros***

Organiza: Compostela Literaria

11.00-21.00 H | PRAZA DE MAZARELOS




Charanga de Cabezudos

12.30 H | POLAS RÚAS DE COMPOSTELA

II Memorial Antonio Bermúdez

S.D. Compostela contra S.D. Esclavitud

20.00 H | ESTADIO DE SAN LÁZARO

CONCERTO

**Comando Katana + Bifannah + Jay + Bala + Novedades Carminha**

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

Repetición do Espectáculo Nocturno do Apóstolo 2017

Acciona Producciones y Diseño/Pirotecnia Ricasa

22.30 H / 23.30 H | PRAZA DO OBRADOIRO

ORQUESTRA NA ALAMEDA

**Aché**

22.30 H | ALAMEDA

COMPOSTELA É! MÚSICA

**Orquestra Xuvenil de Estudio**, Escola de Música

José Nine, director

23.00 H | PRAZA DO TOURAL

cé!m
COMPOSTELA É MÚSICA

# 26 MÉRCORES

DÍA DE PADRÓN EN SANTIAGO

## Concerto Banda de Padrón e a Banda Municipal de Santiago de Compostela

13.00 H | PRAZA DO OBRADOIRO



DORIAN

## *Jam Martiño Pinario*

18.00 h: Charla 'Músicos ao vivo'. Sección Compostela
19.00 h: Concerto de **The Fabulous Resaca Brothers**
20.00 h; Espazo cativo: A música das nosas fontes.
Espazo estudio: Aulas abertas
20.30 h: Concerto de **Bakin' Blues Band**
21.30 h: Jam Session
Evento apoiado pola Asociación de Músicos ao Vivo Sección Compostela

18.00-22.30 H | PRAZA DE SAN MARTIÑO PINARIO

MES DA CULTURA URBANA

## Obradoiros de Beatbox e break

18.00-20.00 H | PASEO CENTRAL DA ALAMEDA

CONCERTO

## **Do fondo do peto** (Música Tradicional)

18.00 H | VIA SACRA

MONICREQUES EN RUTA

## Con Valle-Inclán por Santiago

18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

CINEMA AO AIRE LIBRE

## Boyhood. Richard Linklater

22.00 H | PARQUE DE BELVÍS

## Repetición do Espectáculo Nocturnodo Apóstolo 2017

Acciona Producciones y Diseño/Pirotecnia Ricasa

22.30 H / 23.30 H | PRAZA DO OBRADOIRO

CONCERTO

## **Dorian + Cala Vento**

22.30 H | PRAZA DA QUINTANA

COMPOSTELA É! MÚSICA

## **Falúa** (músicas do mundo)

23.00 H | PRAZA DO TOURAL


WOYZA

## 27 XOVES

SERÁN DE HIP HOP

**Alto Asalto** + **High Paw** + **Wöyza** + **Nathy Peluso** + **Freenetiks** + **Hard Gz**

18.00 H | PARQUE FERMÍN BOUZA BREY (VITE)

MONICREQUES EN RUTA

Con Valle-Inclán por Santiago

18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

TERRAZEANDO, CICLO DE CONCERTOS AO FRESCO

**Montelouro** + **The Wheels**

Organiza: Desconcierto Cultural

20.00 H | XARDÍN DO PAZO DE AMARANTE

TERRAZEANDO

**Emilio Rúa e a Banda Municipal de Música**

Casiano Mouriño Maquieira, director

20.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS


XOSÉ CONSTENLA

XXXIX Torneo da Chave
Festas do Apóstolo

20.30 H | ALAMEDA

CONCERTO

**Irving Arthur & The Black Voices of América** e **Hot Swing Revue** (gospel/soul)

22.30 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

COMPOSTELA É! MÚSICA

**Xosé Constenla** e **Os Desbandados**

23.00 H | PRAZA DO TOURAL

cé!m
COMPOSTELA É MÚSICA

TORNEO DE CHAVE



MACY GRAY



## 28 VENRES

**Puma Pumku** (rock progresivo) + **DJs**
Ata as 22.00 h, polbeiro
14.00 H | TRAS SAN FIZ DE SOLOVIO

cidade vella asociación cultural compostela

---

CONCERTO
**LAR Legido e amigos** (jazz e improvisación)
18.00 H | VIA SACRA

---

MONICREQUES EN RUTA
Con Valle-Inclán por Santiago
18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

---

Concurso de Traxes de Época
20.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS

---

XXXIX Torneo da Chave
Festas do Apóstolo
20.30 H | ALAMEDA

---

CONCERTO
**Macy Gray**
22.30 H | PRAZA DA QUINTANA

---

COMPOSTELA É! MÚSICA
**Kelibén** (músicas do mundo)
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

cé!m
COMPOSTELA É MÚSICA

---

# 29 SÁBADO



DÍA DO TRAXE GALEGO

## *Día do Traxe Galego*

11.30 h: Concentración de participantes na Alameda e desfile ata a Praza do Obradoiro
13.15 h: Misa e ofrenda ao Apóstolo
13.45 h: Recepción no Pazo de Raxoi
16.00 h: Concentración de participantes no certame de traxes en San Domingos de Bonvaval
19.30 h: Desfile de traxes tradicionais dende Bonaval ata a Praza da Quintana
20.00 h: Exhibición, concurso de traxes e entrega de premios

TODO O DÍA

---

## Parque pechado coches antigos

(Club galego de automóbiles antigos)

13.00 H | PRAZA DO OBRADOIRO

---

SESIÓN VERMÚ

## **Quique Azambuya** con **Mr. Cool** e **Javier Constenla**

13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

---

## XXXIX Torneo da Chave Festas do Apóstolo

17.00 H | ALAMEDA

---

MONICREQUES EN RUTA

## Con Valle-Inclán por Santiago

18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

---

CHANÉ NA HABANA

## **Alejandro Vargas Consort** e **Camerata Gelria** coa cantante **Rosa Cedrón**

22.00 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

100 ANOS
DA MORTE DE JOSÉ CASTRO GONZÁLEZ
"CHANÉ"

---

ORQUESTRA NA ALAMEDA

## **Dluxe**

22.30 H | ALAMEDA

---

COMPOSTELA É! MÚSICA

## **Esposa** (pop/indie)

23.00 H | PRAZA DO TOURAL

COMPOSTELA É MÚSICA




## 30 DOMINGO

SESIÓN VERMÚ
**Ukestra do Medio**
13.30 H | PRAZA DE CERVANTES

MONICREQUES EN RUTA
Con Valle-Inclán por Santiago
18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

**Banda Municipal de Música & Treixadura & Cantigas e Agarimos**
22.00 H | PRAZA DA QUINTANA | RETIRADA DE INVITACIÓNS PARA AS CADEIRAS

COMPOSTELA É! MÚSICA
**Nastasia Zürcher** (Beat Trio) (blues/funk/soul)
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

cé!m
COMPOSTELA É MÚSICA

## 31 LUNS

MONICREQUES EN RUTA
Con Valle-Inclán por Santiago
18.30 H | ESCULTURA DE VALLE-INCLÁN, ALAMEDA

CONCERTO
**Allah-Las** (Los Ángeles-California)
**The Limboos**
22.00 H | PRAZA DA QUINTANA

***Fogos fin de Festa***
Acciona Producciones y Diseño/Pirotecnia Ricasa
23.30 H | CAMPUS SUR

CONSORCIO DE SANTIAGO

ORQUESTRA NA ALAMEDA
**Compostela**
00.00 H | ALAMEDA

COMPOSTELA É! MÚSICA
**The Funkles** (Beatles on Funk)
Versións dos Beatles como nunca antes se fixeron!!
00.00 H | PRAZA DO TOURAL

cé!m
COMPOSTELA É MÚSICA

APOSTOLO 2017

# UNHA DUCIA DE CONSELLOS PARA GOZAR DA FESTA

1. Usa vasos de vidro ou ecovasos, de plástico duro. Reutiliza e non contribúas a encher de lixo as rúas, prazas e xardíns.

2. Colabora en manter a cidade limpa. Non fai falta que recollas, a colaboración máis importante é non tirar lixo o chan. Seguro que hai papeleiras e contentores cerca.

3. Utiliza aseos e non uses a rúa, ademais de cheirar fatal dana a pedra e a natureza. Hai baños públicos na Alameda, debaixo do Pazo de Raxoi, na Praza de Abastos e na Praza da Quintana.

4. Nos eventos con moita xente, é boa idea que as crianzas traian un localizador sinxelo e divertido como ter o número de teléfono apuntado nun brazo. Para non pasar un mal trago tamén é bo que coñezan o número da policía local: 092

5. Se bebes non conduzas, nin coche nin bicicleta. O máis seguro é ir e vir andando ou utilizar o transporte público. Un taxi custa como unha copa e pode salvarche a vida, pagando entre varias persoas aínda é máis barato. Grava o número dos taxis no teu móbil.

6. Xa sabes que en Compostela divertímonos sen molestar: #falabaixiño

7. O botellón non é un bo plan, á resaca do día seguinte pódeselle engadir unha boa multa (de ata 300 euros!).

8. A xente aproveita para pedir esmola. Non é boa idea favorecer á mendicidade, hai casos de estafas e de explotación de persoas.

9. Practica o respecto e o sorriso. Non participes nin permitas discriminacións nin agresións. Gústannos as persoas de todas as orixes, manifestacións culturais e relixiosas e gustos e preferencias sexuais.

10. Somos un concello aberto, diverso e acolledor e estamos orgullosas das nosas festas. Evita broncas e pelexas e, se ves unha, pono en coñecemento da policía local: 092

11. Nada xustifica unha agresión machista. Vistamos como vistamos, liguemos como liguemos,... Temos dereito a ser e desfrutar en igualdade e sen ser acosadas.

12. Non é non. Non caben interpretacións. Se che din NON, é o momento de parar.

# APÓSTOLO 2017

CONCELLO DE SANTIAGO




CONCELLO DE SANTIAGO

CONSORCIO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

COLABORAN

Coca-Cola · Estrella Galicia · GADIS · El Corte Inglés · Centro Comercial As Cancelas (Santiago de Compostela)

CARTEL FESTAS APÓSTOLO 2017 © PANCHO LAPEÑA